

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.-

Asunto: Decreto aprobando o convenio entre o Concello de Lousame e Clube de Xubilados de Lousame. subvención nominativa 2025 CLUBE DE XUBILADOS. SOLICITUDE DE SUBVENCION NOMINATIVA ANO 2025

Expediente: 2025/G003/000762 - 2025/A003/000017

Antecedentes Administrativos:

1. No Orzamento 2025, na súa base de execución núm. 32, contéplase a seguinte subvención nominativa para o 2025:

Aplicación Orzamentaria	Beneficiario.	Obxecto e finalidade	CIF	Importe/€
337.480.00	Club de xubilados de Lousame	Gastos de funcionamento 2025	G15890908	3.000,00

2. No Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Lousame 2024-2026, recóllese a seguinte liña de subvención:

LIÑA ESTRATÉXICA 4.- ÁREA DE CULTURA E ACTIVIDADES FESTIVAS.

LS 4.1 Subvencións dirixidas ás entidades en ánimo de lucro do Concello de Lousame, que organicen actividades culturais:

Custos previsibles e financiamento	Orzamento 2024/2026: Aplicación 334.48000 e 337.48000: - Nominativa: O Son do Pote: 1.500,00 € - Nominativa: Asociación Prudencio Romo: 15.000,00 € - Nominativa: Clube de Xubilados do Concello de Lousame: 3.000,00 €.
------------------------------------	--

3. O 03.09.2025 a entidade o Clube de Xubilados de Lousame presenta a solicitude e os anexos de solicitude de a través da sede electrónica do concello Lousame correctamente cubertos.
4. O 25.11.2025 o Técnico de Administración Xeral emite informe sobre a lexislación aplicable e o procedemento administrativo.
5. O 25.11.2025 o Técnico de Administración Xeral emite informe-proposta de resolución, propoñendo a concesión da subvención a falta do informe do informe de secretaría – intervención.
6. Memoria xustificativa da Alcaldía do 25/11/2025 xustificando a concesión da subvención de xeito nominativo.
7. O 25/11/2025 o Técnico de Administración Xeral tamén efectúa comprobación de que a entidade está ao corrente coas obrigas tributarias e coa SS a través da plataforma pasaxe de TEDEC.

8. O 26.11.2025 intervención emite documento R.C., por importe de 3.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 337.48000
9. O 26.11.2025 a secretaria-interventora emite o seu informe previo á aprobación do convenio.

Vista a solicitude, así como o expediente instruído o efecto, en virtude do disposto no artigo 21.1. f) da Lei 7/1985 do 2 de abril reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

Primeiro.- Outorgar, con cargo á aplicación orzamentaria 337.480.00 do orzamento para o ano 2025, a seguinte **subvención nominativa:**

Aplicación Orzamentaria	Beneficiario.	Obxecto e finalidade	CIF	Importe/€
337.480.00	Club de xubilados de Lousame	Gastos de funcionamento 2025	G15890908	3.000,00

Segundo.- Aprobar o Convenio de Colaboración entre o Concello de Lousame e o Club de xubilados de Lousame que se recolle como Anexo a esta resolución.

Terceiro.- Proceder á autorización e disposición do gasto por importe de 3.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 337.480.00.

O pagamento efectuarase unha vez xustificadas os gastos de acordo ao disposto Convenio de Colaboración.

Cuarto.- Notificar aos interesados o outorgamento da concesión da subvención, co réxime de recursos aplicables.

Quinto.- Comunicar aos interesados que o prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención remata o **1 de febreiro de 2026.**

ANEXO:

<< << CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE LOUSAME E O CLUB DE XUBILADOS DE LOUSAME 2025

En Lousame, a __ de novembro de 2025

REUNIDOS:

Dunha parte, **D. Esteban Ares García**, con D.N.I. n.º 53485643V, Alcalde-Presidente do CONCELLO DE LOUSAME, que conforme ás atribucións que lle confire o artigo 21 da Lei 7/85, reguladora das bases do réxime local, intervén con capacidade plena para a firma do presente Convenio.

De outra parte, **D. FRANCISCO AVELINO GARCÍA NIETO**, maior de idade, con DNI núm. 3321970S, presidente do CLUBE DE XUBILADOS DE LOUSAME, con domicilio en Local Social de Aldegrande S/n, 15214, con CIF G15890908, conforme ás atribucións que lle confiren os estatutos da sociedade.

Tódalas partes recoñécense mutuamente, na calidade na que interveñen, con capacidade suficiente para o outorgamento do presente Convenio de Colaboración entre o Concello de Lousame e o Clube de Xubilados de Lousame, e;

EXPOÑEN:

- I. Que as entidades locais, en canto Administracións Públicas, poden exercer a acción de fomento de actividades ou proxectos que se consideren de utilidade pública, de interese social ou de promoción de unha finalidade pública, mediante a concesión de subvencións, segundo o disposto no artigo 2 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.
- II. Que no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións prevese a posibilidade de concesión directa das subvencións, previstas nominativamente nos orzamentos das entidades locais.
- III. Que no artigo 28 da Lei 38/2003, Xeral de subvencións configúrase o Convenio como instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos das entidades locais.
- IV. Que no Orzamento do Concello de Lousame para o exercicio 2025 está prevista unha subvención nominativa a favor do Clube de Xubilados de Lousame para financiar os gastos de funcionamento do ano 2025, por importe de 3.000,00 €.
- V. Que o CLUBE DE XUBILADOS DE LOUSAME é unha asociación sen ánimo de lucro que ten como fins promover á convivencia de todas as persoas maiores de 60 anos así como a atención recreativa e cultural dos seus socios. Son así mesmo fins desta asociación promover medidas concretas e globais para lograr a mellora cultural e recreativo dos seus asociados e promover os servizos e actividades que estime adecuados no beneficio dos socios así como a súa reforma e reorganización. Tamén ten como fin asesorar aos socios solicitando a colaboración dos servizos sociais do concello sobre recursos que a lexislación estableza sobre persoas, servizos sociais en xeral, viaxes, etc.

En base a todo o que se acaba de expoñer, subscríbese o presente Convenio de colaboración coas seguintes;

CLAÚSULAS:

PRIMEIRA: Que a finalidade do presente Convenio é a regulación do outorgamento dunha subvención nominativa, prevista no orzamento para o exercicio de 2021, por parte do Concello de Lousame, coa desagregación que de seguido se indica:

Aplicación	Beneficiario	Obxecto e finalidade	CIF	Importe/€
------------	--------------	----------------------	-----	-----------

orxamentaria				
337.480.00	Clube de Xubilados de Lousame	Gastos de funcionamento 2025	G15890908	3.000,00 €

SEGUNDA: As actividades subvencionadas consisten nos **gastos de funcionamento** do ano 2025, tal e como se recolle no Orzamento Municipal do Concello de Lousame.

De acordo coa solicitude presentada os gastos se concretan en:

- Contratación pólizas de seguros de responsabilidade civil e accidentes actividades: 1.600 €
- Compra de produtos alimentarios para celebración do Entroido, día das letras galegas, San Xoan, agosto), etc.: 1.500 €
- Actuacións musicais: 600 €
- Servizo de autobuses para diferentes excursións: 1.200 €
- Excursión ao balneario de Cuntís: 600,00 €
- Compra de sobres, sellos e talonarios para a difusión das actividades: 150 €
- Escaneado, tratamento de imaxes e enmarcado de fotografías antigas para exposición: 150 €

TERCEIRA: O presente Convenio de colaboración terá vixencia ata o remate de todo o procedemento de fiscalización da xustificación da aplicación dos fondos percibidos en concepto de subvención e da aprobación da conta xustificativa presentada pola entidade beneficiaria.

CUARTA: Gastos subvencionables.

Considéranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubitada respondan á natureza da actividade subvencionada e que se realicen no prazo establecido (entre o 01.01.2025 até o 31.12.2025).

En ningún caso serán gastos subvencionables:

1. Os xuros debedores das contas bancarias.
2. Xuros, recargos e sancións administrativas e penais.
3. Gastos de procedementos xudiciais.
4. Impostos directos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación.
5. Impostos sobre a renda.

QUINTA: Segundo o establecido no artigo 32.1 da Lei Xeral de Subvencións, entenderase gasto realizado o que fose **efectivamente pagado** pola entidade beneficiaria da subvención, durante o período correspondente.

SEXTA: Son obrigas dos beneficiarios:

1. Realizar as actividades incluídas no proxecto e cumprir co obxectivo das actividades obxecto da subvención.
2. Cumprir cos requisitos establecidos nas bases das diferentes convocatorias ou convenio regulador.
3. Xustificar o cumprimento da finalidade da actividade obxecto da concesión da subvención.
4. Someterse ás actuacións de comprobación e control dos órganos competentes e aportar a información e documentación que lle sexa requirida.
5. Comunicar ao órgano concedente a solicitude e obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Dita comunicación realizarase tan pronto como se coñeza, e en todo caso no momento da xustificación da aplicación dos fondos percibidos
6. Non modificar a programación das actividades sen coñecemento e autorización expresa da Comisión Avaliadora.
7. Facer constar a colaboración do Concello de Lousame en toda a publicidade que se fixera das actividades subvencionadas (impresa, informática, audiovisual e na páxina web da entidade se a tivera). Os beneficiarios incluídos no ámbito de aplicación da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, deberán dar publicidade das subvencións e axudas percibidas nos termos e condicións establecidos na citada Lei.
8. Utilizar, con carácter xeral, formas de pago a terceiros que poidan ser acreditadas mediante un documento expedido por entidade financeira (transferencia bancaria, tarxeta de crédito, tarxeta de débito, cheque ou talón, etc...) no que quede identificado o beneficiario, o importe e a data de pago. O pago en metálico utilizarase en casos excepcionais cando non sexa posible outra forma de pago (peaxes, aparcadoiro, etc...). A cada pago en metálico deberá acompañarse un informe do Tesoureiro/a da entidade acreditativo da forma de pago do gasto realizado.
9. Realizar as actividades no período establecido na convocatoria, e o pago efectivo dos gastos ocasionados polas actividades subvencionadas con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado en cada convocatoria.

SÉTIMA: Pagamento da subvención.

Dispón a Base 34 das de execución do orzamento 2025 que a Alcaldía ou o concelleiro/a delegado/a, dentro das súas competencias, e mediante Decreto, poderán resolver o anticipo da subvención concedida.

OITAVA: Xustificación.

A persoa ou entidade beneficiaria estará obrigada a xustificar documentalmente o cumprimento das condicións impostas e a aplicación dos fondos recibidos.

Aos efectos do disposto no art. 75 do R.D. 887/2006, do 21 de xullo, Regulamento que desenvolve a Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, para subvencións concedidas por importe inferior a 60.000,00 €, e sempre que así se prevea nas distintas convocatorias, para a xustificación da subvención concedida presentase unha conta xustificativa simplificada.

O importe a xustificar será o total do proxecto ou acción subvencionada. No caso de que a xustificación presentada non alcance o 100 por cento do proxecto adxudicado, a subvención reducirase proporcionalmente.

O importe a imputar na xustificación será o total da subvención concedida.

Os modelos dos documentos serán os elaborados e facilitados polo Concello de Lousame.

Se algún documento oficial non puidera recoller toda a información solicitada, atendendo á extensión da mesma, esta figurará nun documento aportado pola entidade como "Anexo ao Doc. N.º".

Coa instancia de xustificación da subvención concedida achegarase, debidamente relacionada, a seguinte documentación:

1.- Memoria Técnica da actividade realizada:

- Actividades ou programas desenvolvidos, con expresión de calendario e lugar de execución.
- Obxectivos ou resultados acadados, características, estrutura e metodoloxía da actuación ou programa.
- Número de beneficiarios desagregados por sexo.
- Declaración dos recursos humanos relacionados coa actividade ou programa: profesionais asalariados, voluntariado, etc.
- Recursos materiais: descrición de instalacións e equipamento.
- Orzamento de execución detallado con expresión do custo dos recursos humanos e materiais.

2.- Certificación expedida polo/a secretario/a da entidade de execución das actividades obxecto da subvención.

3.- Relación clasificada dos gastos e inversións da actividade, con identificación do emisor e do documento, importe, data de emisión e data de pago.

As facturas e recibos de pagamento deberán reunir os seguintes requisitos:

- α) Os conceptos dos gastos serán obrigatoriamente os que foran motivo da subvención.

- β) O beneficiario deberá figurar obrigatoriamente como destinatario da factura.
- χ) Deberán expresar con detalle os bens e servizos adquiridos, base imponible, tipo do IVE aplicado e o seu importe, tipo do IRPF e o seu importe, calquera outro imposto ao que estivera suxeito o proveedor, e o total resultante da factura.
- δ) Cumprir cos requisitos esixidos pola normativa vixente en materia de facturación.

4.- Declaración responsable do/a solicitante ou Presidente/a de que os usuarios/as das actividades obxecto desta axuda están cubertos por un seguro de responsabilidade civil e/ou accidentes, que cubre axeitadamente ditas continxencias.

5.- Un exemplar da publicidade realizada das actividades subvencionadas, (impresa, informática, audiovisual ou na súa páxina web se a tivera)

Os beneficiarios incluídos no ámbito de aplicación da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, deberán presentar xustificación do cumprimento da obriga de dar publicidade das subvencións e axudas percibidas nos termos e condicións establecidos na citada Lei.

6.- Declaración responsable do/a solicitante ou Presidente/a sobre a obtención de axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera outra Administración Pública, de particulares ou de entidades privadas.

7.- Declaración responsable do/a solicitante ou Presidente/a de non concorrencia con outras axudas municipais.

8.- Declaración responsable do/a solicitante ou Presidente/a de non estar incurso, tanto o declarante como a entidade, nas causas de incompatibilidade ou incapacidade para ser beneficiarias ou percibir subvencións da Administración pública previstas no art. 13 da Lei 38/2009, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións. Este documento non será necesario sempre e cando a declaración aportada coa solicitude non sufrira variación.

9.- Nos expedientes de xustificación na modalidade de conta xustificativa simplificada, o Concello comprobará, a través das técnicas de mostreo que se acorden en cada convocatoria, os xustificantes que estime oportunos e que permitan obter evidencia razoable sobre a adecuada aplicación da subvención, a cuxo fin poderá requirir ao beneficiario a remisión dos xustificantes de gasto seleccionados.

10. Toda a documentación presentarse no Rexistro Xeral do Concello **antes do 1 de febreiro de 2026.**

11.- O período de execución comprenderá do 1 de xaneiro ao 31 de decembro do ano 2025, con independencia da data na que se conceda a subvención e se faga efectivo o pago.

NOVENA: Compatibilidade.

Esta subvención é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

DÉCIMA: Reintegro

Procederá o reintegro da subvención sempre que concorran as circunstancias reguladas nos artigos 36 e seguintes da Lei Xeral de Subvencións.

UNDÉCIMA: Infraccións e sancións.

En materia de infraccións e sancións administrativas as partes remítense ao preceptuado nos artigos 52 e seguintes da Lei Xeral de Subvencións.

DUODÉCIMA: Natureza e xurisdición.

O presente Convenio ten natureza administrativa. A xurisdición contencioso - administrativa será a competente para o coñecemento de posibles cuestións que poidan suscitarse como consecuencia do mesmo.

E sen máis que manifestar en proba de conformidade, asinan o CONVENIO DE COLABORACIÓN no lugar e data indicados no encabezamento.

O ALCALDE,	O PRESIDENTE DO CLUBE DE XUBILADOS DE LOUSAME
ESTEBAN ARES GARCÍA.	FRANCISCO AVELINO GARCÍA NIETO

>>

Asinado en Lousame, por medios electrónicos, polo Alcalde, Esteban Ares García; do que eu, Paula Ares Otero, como secretaria e para os únicos efectos de fe pública, dou fe (R.D.128/2018, do 16 de marzo).